



DATOS IDENTIFICATIVOS

Panorama Actual da Edición

Materia	Panorama Actual da Edición			
Código	V01M033V01104			
Titulación	Máster Universitario en Edición			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1º	1C
Lingua de impartición				
Departamento	Filoloxía galega e latina Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Luna Alonso, Ana			
Profesorado	Gomez Clemente, Xose Maria Luna Alonso, Ana			
Correo-e	aluna@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia presenta un panorama xeral da edición na actualidade. Analizaranse as tendencias da edición e tradución en formato libro a nivel mundial para establecer unha ligazón entre as devanditas tendencias e o que sucede no caso concreto do ámbito galego. Presentarase un panorama histórico da edición que permitirá ter en conta os hábitos lectores e a entrada das novas formas de edición e lectura como son o libro electrónico.			

Competencias de titulación

Código

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
- Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas coa creación dun perfil investigador.	saber saber facer Saber estar / ser	
- Ser quen de integrar coñecementos de campos de estudo diversos.		
- Aprender a aprender, de forma autónoma, como base da súa futura actividade profesional ou investigadora.		
- Ter capacidade de concibir e diseñar proxectos de investigación con rigorosidade académica.		
- Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización axeitada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)		
- Comunicar oralmente e por escrito con claridade os coñecementos teóricos e aplicados da materia de estudo tanto a audiencias expertas como non expertas.		

- Saber aplicar os coñecementos adquiridos no ámbito da edición nos seus aspectos históricos. saber
saber facer
Saber estar / ser
- Reflexionar sobre os aspectos complexos que rodean o mundo da edición (económicos, sociais, ideolóxicos e técnicos).
- Capacidade para realizar estudos de mercado e de hábitos lectores relacionados coa edición.

Contidos

Tema	
1. Panorama socio-histórico do mundo occidental na segunda metade do século XX.	1.1. A Galaxia Gutemberg 1.2. A edición como sector industrial estratéxico.
2. Cultura e/ou negocio: edición artesanal e produción en masa.	2.1. Edición de fondo 2.2. As novidades 2.3. A cultura do best-seller 2.4. A oferta e a demanda 2.5. Distribución e comercialización: librarías ou áreas comerciais. 2.6. Distribución e venda a través de internet.
3. Edición e lectura: indigestión editorial e carencias lectoras.	3.1. Índices de lectura 3.2. A lectura e os seus competidores. 3.3. A biblioteca tradicional e a rede
4. Do offset á autoedición. PostScript. A estandarización dos procesos técnicos.	4.1. A revolución dixital. Novas formas de interacción: redes sociais 4.2. Presente e futuro do libro impreso
5. A edición sen editores	5.1. O modelo industrial da edición na era da mundialización. 5.2. Os grandes grupos editoriais.
6. Os fluxos culturais	6.1. Linguas e produción editorial 6.2. As grandes industrias culturais 6.3. A edición en Europa
7. Edición e tradución en Galicia	7.1. Produción editorial nos últimos trinta anos 7.2. Capital cultural, económico e simbólico. Produción restrinxida e grandes grupos. 7.3. A política editorial da tradución.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	20	20	40
Presentacións/exposicións	3	3	6
Traballos de aula	20	40	60
Traballos tutelados	4	40	44

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	As clases maxistras desenvolverán os contidos teóricos da materia. Pretenden ser clases nas que haxa certa participación por parte do alumnado e non só exposicións por parte do docente.
Presentacións/exposicións	O alumnado deberá realizar unha exposición oral breve, e de xeito individual na aula sobre as reflexións que tira de determinadas lecturas indicadas polo docente. Esta presentación permitirá avaliar en parte a comprensión dos contidos da materia e diagnosticar o ritmo da evolución das clases teóricas.
Traballos de aula	O alumnado deberá realizar unha exposición escrita, e de xeito individual na aula, sobre as reflexións que tira de determinadas lecturas indicadas polo docente. Este traballo permitirá avaliar as competencias de partida, así como as adquiridas por cada alumno nas clases e revelará cales son os seus intereses no ámbito da investigación.
Traballos tutelados	O docente deberá propoñer unha serie de liñas de investigación sobre a materia impartida. O alumnado escollerá un dos temas propostos para realizar un pequeno traballo tutelado que pode servir á súa vez de punto de partida para a realización do futuro traballo de fin de máster.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O docente dedicará unha parte do seu horario de titorías á atención dos estudantes (resolución de dúbidas, asesoramento sobre bibliografía ou material de apoio. etc.). As titorías personalizadas poden ser en grupo ou individuais na clase, así como a través da rede.

Presentacións/exposicións	O docente dedicará unha parte do seu horario de titorías á atención dos estudantes (resolución de dúbidas, asesoramento sobre bibliografía ou material de apoio. etc.). As titorías personalizadas poden ser en grupo ou individuais na clase, así como a través da rede.
Traballos de aula	O docente dedicará unha parte do seu horario de titorías á atención dos estudantes (resolución de dúbidas, asesoramento sobre bibliografía ou material de apoio. etc.). As titorías personalizadas poden ser en grupo ou individuais na clase, así como a través da rede.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Presentacións/exposicións	As presentacións orais de cada estudante sobre as lecturas realizadas indicadas polo docente.	20
Traballos de aula	Os traballos escritos realizados na aula, así como a participación nos debates por parte do alumnado valorarase neste apartado.	30
Traballos tutelados	Os traballos tutelados representan unha parte fundamental á hora de valorar o esforzo intelectual do estudante.	50

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na segunda convocatoria repetiranse as probas suspensas e entregaranse as que non se presentaron.

Bibliografía. Fontes de información

Recomendacións